



A xestión de residuos de construción e demolición (RCDs) non precisa de novas plantas e si de maior control e seguimento

ADEGA-Compostela

Agosto de 2026

A autorización dunha nova planta de valorización de residuos da construción e demolición no concello de Teo, nun emprazamento pouco axeitado pola existencia dun número moi elevado de vivendas e outras instalacións de uso cidadán moi próximas, desencadeou unha forte protesta veciñal e puxo de manifesto a falta de criterios ambientais e de ordenamento do territorio da administración ambiental galega. Neste pequeno artigo analizamos a situación do tratamento destes residuos, seguindo tanto a documentación contida nos correspondentes plans da Xunta como o contido da actual lei de residuos. A análise pon de manifesto que non se precisan máis plantas de tratamento, pois a capacidade actual supera nun 700% a xeración de residuos, e ademais, cóntase con 4 plantas nas proximidades, unha no propio concello de Teo, e outras 3 nos do Pino, Boqueixón e Vedra. Pola contra, o que se pon en falta é un control e seguimento desta actividade, desde a clasificación en orixe dos residuos até o funcionamento das plantas existentes.



Composición dos RCDs e cantidades axeitadas

Os RCDs son residuos xerados na construción, rehabilitación, reparación, remodelación, reforma ou derrubo de edificios e instalacións diversas. Inclúen diversos materiais, entre eles formigón, cerámicas, madeira, vidro, metais e plásticos. Tamén inclúen ou poden incluír residuos perigosos como o amianto ou as mesturas bituminosas, e calquera outro material que conteña ou estea contaminado con substancias perigosas. As cantidades de RCDs xerados son moi elevadas, pois representaron arredor do 20% do total dos residuos industriais nos últimos anos.

A Lei 7/2022, de residuos exige a clasificación nas seguintes fraccións: madeira, fracción mineral (formigón, tixolos, azulexos, outras cerámicas e pedra), metais, vidro, plástico e xeso. Tamén deben separarse os elementos susceptibles de seren reutilizados, como poden ser a tella, as pezas sanitarias, e determinados elementos estruturais. Esta clasificación deberá realizarse, preferentemente, no lugar de xeración. No caso da demolición, esta deberá facerse de forma selectiva, para o que se require un estudo que identifique as cantidades que se prevé xerar de cada fracción e garantir a retirada separada de tais fraccións.

A xeración de RCDs evolucionou determinada pola actividade económica, polo que caeu despois de 2010 e volveu a aumentar a partir de 2013. Tamén está condicionada polos criterios de contabilización ou inventariado de residuos que aplica a administración e que sofren cambios no tempo. A xeración media no quinquenio 2016-2020 foi de 594.000 toneladas, variando no rango de 500 a 700 mil t anuais (Figura 1). As cantidades de RCDs tratados foron lixeiramente maiores que as xeradas, entre o 1% e o 3% maiores, polo que houbo importación neta de residuos procedentes de fora de Galiza para tratar nas plantas galegas.

ADEGA

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Av. de Castelao 20, baixo 15704 Santiago de Compostela

www.adega.gal · 981 57 00 99 · adega@adega.gal




Figura 1. Evolución da xeración e xestión de RCDs en Galiza, en toneladas anuais, no período 2010 a 2020.
Elaboración propia a partir dos datos do PRIGA 2023-2030.

Plantas de tratamento de RCDs en Galiza

De acordo coa información contida no PRIGA 2023-2030, Galiza conta cun total de 66 instalacións de tratamento para valorización de RCDs autorizadas, delas 32 están na provincia da Coruña (Cadro 1). A capacidade de tratamento destas instalacións acada as 4.818.716 toneladas anuais, o que equivale a 8 veces as cantidades xeradas nos últimos anos. A capacidade de tratamento mesmo supera o 700% da cantidade xerada en 2016, ano no que se deu o pico de xeración. No PRIGA anterior (2016-2022) referíase a existencia de 46 plantas deste tipo en Galiza, con capacidade para 3.058.955 t de RCDs/ano, polo que en poucos anos aumentou fortemente o número e a capacidade total das plantas.

O propio PRIGA indica que existe capacidade de xestión suficiente para os RCD xerados, mais tamén que existe a posibilidade de ampliar o mercado nos vindeiros anos. Non aclara a que se refire esta última indicación, que só podemos entender como a oferta de capacidade de tratamento a residuos procedentes de fora de Galiza. Ademais, a Xunta ten autorizado un total de 52 plantas móbiles para a operación de reciclado ou recuperación de materias *in situ*.

ADEGA

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Av. de Castelao 20, baixo 15704 Santiago de Compostela

www.adega.gal · 981 57 00 99 · adega@adega.gal



Cadro 1. Instalacións de valorización de RCD en Galiza.

Provincia	Número	Capacidade máxima tratamento (t/ano)
A Coruña	32	2.478.187
Lugo	10	339.291
Ourense	5	426.360
Pontevedra	19	1.574.878
Total	66	4.818.716

Fonte: PRIGA 2023-2030

Por outra banda, entre a previsión de novas plantas de tratamento non se atopan as instalacións de valorización de RCDs. Segundo o PRIGA 2023-2030, son necesarias instalacións para tratar pilas e baterías, terras contaminadas por hidrocarburos, Residuos sanitarios, residuos de equipamentos de xeración de enerxía a partir de fontes renovábeis, e vertedoiros para o depósito de residuos industriais.

Se nos referimos á zona xeográfica de Santiago de Compostela, localízanse 4 plantas autorizadas en concellos moi próximos, como se mostra no Cadro 2. Meso unha delas no concello de Teo. Por tanto, as necesidades de novas plantas na comarca non parece ser unha razón para autorizar unha planta máis en Teo.

Cadro 2. Plantas de tratamento de RCDs na área de Santiago de Compostela.

EMPRESA	RESIDUO	CONCELLO	UTM-X	UTM-Y
CONSTRUCCIONES BOQUEIXON SL	RNP	BOQUEIXÓN	501015	4711133
RESIDUOS Y RECICLAJES DE SANTIAGO SL	RNP	TEO	531741	4740005
SAPA CONTENEDORES Y SERVICIOS SL	RNP	VEDRA	545927	4734125
TECNOLOGIA Y RECICLAJE DE MATERIALES SL (TYRMA)	RNP	PINO (O)	555360	4747970

Fonte: PRIGA 2023-2030. RNP: residuo non perigoso.

Os tratamentos aplicados aos RCDs

O PRIGA destaca que desde 2016 unicamente foron enviados a eliminación os residuos de natureza perigosa, mentres todos os RCD non perigosos foron enviados a instalacións de valorización. Entre as operacións de valorización a aplicar na Galiza, o PRIGA identifica as seguintes alternativas da Lei 7/2022:

ADEGA

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Av. de Castelao 20, baixo 15704 Santiago de Compostela

www.adega.gal · 981 57 00 99 · adega@adega.gal



- R1 Utilización principal como combustíbel ou outro xeito de producir enerxía
- R5 Reciclado ou recuperación de outras materias inorgánicas
- R10 Tratamento dos solos que produza un beneficio a agricultura ou unha mellora ecolóxica dos mesmos.

Porén, non determina que cantidades e tipos de residuos se destinaron a cada un destes tratamentos, e non diferencia os resultados acadados en reciclaxe (R5) fronte aos destinos de simple valorización, como a incineración (R1), ou a reciclaxe de baixa calidade (R10). Compre lembrar que a directivas de economía circular inclúen a reciclaxe de calidade pero non outras formas de valorización entre os tratamentos a promover.

Na súa diagnose, o PRIGA 2023-2030 considera cumpridos os obxectivos cuantitativos establecidos no plan anterior (PRIGA 2016-2022), consistentes en acadar unha porcentaxe superior ao 75% dos RCD non perigosos destinados a preparación para a reutilización, reciclaxe e outras operacións de valorización en 2020. Claramente, este obxectivo non tiña en conta a xerarquía de opcións de xestión de residuos, que establece 5 niveis (Redución, Reutilización, Reciclaxe, Valorización e Eliminación), pois valorou unicamente o cumprimento do 4º nivel, ao non desagrega cantidades destinadas a reutilización nin a reciclaxe, senón só a valorización.

Por outra banda, tíñanse establecido obxectivos cualitativos, entre outros, os seguintes:

1. Acadar, por parte dos produtores, unha separación efectiva en fraccións que facilite a súa valorización, garantindo a retirada selectiva dos residuos perigosos xerados na obra,
2. Que se incremente significativamente o emprego dos materiais procedentes da reciclaxe e valorización de RCD (por exemplo, os áridos reciclados), en substitución do emprego de materiais naturais.

O PRIGA afirma ter cumprido o primeiro destes obxectivos cualitativos no que se refire á xestión conxunta de todos os RCDs, mais indica que non é posíbel avaliar o grao de segregación a nivel de obra individual, xa que non existen evidencias concretas. Derívase disto que a xestión e seguimento actual non permite determinar o cumprimento da Lei 7/2022, cando leva xa 4 anos en vigor.

En canto ao segundo obxectivo idnicado, menciona a inclusión na Estratexia Galega de Economía Circular da Proposta 6.3.2. Prevención e re utilización de RCD, co obxectivo de "Promover a re utilización de elementos e materiais construtivos a través dun servizo web e

ADEGA

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Av. de Castelao 20, baixo 15704 Santiago de Compostela

www.adega.gal · 981 57 00 99 · adega@adega.gal



aplicacións móbiles app” e “Promover o uso de RCD na obra publica, incluíndo nas condicións de contratación unha porcentaxe mínima de materiais reutilizados, ou premiando cunha maior puntuación as ofertas que inclúan uso de RCD de calidade acreditada nos concursos públicos”. Porén, non hai no PRIGA evidencia ningunha de que se teña realizado algo disto, que termina por afirmar que “queda moito camiño por percorrer no uso dos áridos reciclados”.

A nova planificación contida no PRIGA 2023-2030 non establece obxectivos de redución específicos para a xeración de RCDs, senón só un obxectivo global para residuos industriais. As medidas de prevención como as de mellora da xestión consisten en simples anunciados, entre elas a elaboración de manuais de prevención ou a promoción do uso de áridos reciclados, medidas que xa estaban previstas na Estratexia Galega de Economía Circular, aprobada 4 anos antes e sen realizacións até o momento. Como anuncio, inclúe tamén programas especiais de seguimento para determinar o cumprimento da normativa en vigor.

Conclusión

Galiza non precisa máis plantas de tratamento de RCDs, pois a capacidade actual supera nun 700% a xeración deste tipo de residuos. Pola contra, ponse en falta un control e seguimento desta actividade, desde a clasificación en orixe dos residuos até o funcionamento das plantas existentes. A información dispoñíbel non permite determinar o destino dos residuos en canto a xerarquía de opcións de xestión prioritarias, como son a reutilización e a reciclaxe, como tampouco permite valorar as accións levadas a cabo en prevención, se é que as houbo.

ADEGA

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Av. de Castelao 20, baixo 15704 Santiago de Compostela

www.adega.gal · 981 57 00 99 · adega@adega.gal



ADEGA

50 aniversario